

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

Galicia, como en moitos outros índices, atopase á cola do Estado na posibilidade dos seus cidadáns de acceder a internet. Hoxe este acceso é fundamental para o normal desenvolvemento como cidadá, xa que dende as actividades escolares, económicas ou a busca de emprego, dependen en grande medida da posibilidade de acceder ás liñas de comunicación telemática.

Nese senso calquera establecemento hostaleiro, a día de hoxe, por cativo que sexa está obrigado pola demanda dos seus clientes a facilitar o acceso a internet, cousa que por exemplo non pode facerse dende os transportes públicos en Galicia; un exemplo sangrante é a imposibilidade de acceder a rede dende as liñas férreas deste país, elemento que dificulta a posibilidade da súa utilización para milleiros de persoas e que, ademais, configuraría un novo elemento no seu atractivo e na contribución a incrementar a utilización deste medio de transporte fronte a outros menos sustentables.

Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Demandar do Goberno Central a inmediata instalación de medidas de acceso gratuíto a internet, vencelladas ó uso do medio, nos servizos ferroviarios de Galicia.

2.- Vencellar as axudas ás empresas de telecomunicación, a que estas faciliten a administración o acceso a internet gratuíta nos medios de transporte público.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2015.

Asdo.: Juan M. Fajardo Recousó

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recousó na data 16/11/2015 18:52:09

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 16/11/2015 18:52:20